

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 21.11.2019

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 21 de novembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 54055 (10/PNC-004306)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura a reserva da biosfera da Ribeira Sacra e serras do Oribio e do Courel
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.2 57555 (10/PNC-004575)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirilles o dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública ás persoas con discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019
- 1.3 57646 (10/PNC-004588)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa posible introdución por Renfe de modificacións no tren nocturno que une Galicia con Barcelona, así como a realización de melloras nesta conexión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019
- 1.4 58208 (10/PNC-004650)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da situación que se está a dar na canteira de Casalonga, no concello de Teo, en relación cos traballos de restauración ambiental e de baleirado da

lagoa

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019

- 1.5 58273 (10/PNC-004656)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións da concesión á Xunta de Galicia das illas de San Simón e San Antón, no concello de Redondela, así como a elaboración e aprobación do plan especial de protección dese sitio histórico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidente	
Jacobo Moreira Ferro	P
Secretario	
Antón Sánchez García	GCE

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Martín Fernández Prado	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	M
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 21.11.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 21.11.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 54055(10/PNC-004306)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en
relación coa candidatura a reserva da biosfera da Ribeira
Sacra e serras do Oribio e do Courel

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xoves 8 de agosto de 2019 a Xunta presentou en Pantón a candidatura de Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, pendurando o documento coa proposta no Portal de Transparencia da Xunta, tras ser publicado o anuncio no DOG do 9 de agosto, estando sometido a exposición pública no prazo dun mes.

A zona delimitada como proposta de reserva da Biosfera engloba os concellos que integran o Xeoparque Montañas do Courel, máis os Concellos de Triacastela e Samos (Iribio) e O Incio, así como os incluídos no BIC Ribeira Sacra máis Sarria, aínda que non se inclúe a zona do Bibeiro ou o Val do Navea, nin Montederramo.

O núcleo da reserva serían as Zonas de Especial Conservación xa existentes, así como o Espazo Natural de Interese Local Loio-Ruxidoira: Os Ancares-Courel (a máis extensa, que engloba parte do Iribio); Río Cabe; Canón do Sil; Monte Faro.

A inmensidade do territorio escollido (o 10,3% da superficie galega), unido ás enormes necesidades de investimentos en materia de conservación da natureza farían necesario un maior esforzo da Xunta neste sentido, que debe partir dun coñecemento real da situación. O custo económico estimado para o Plan de Xestión (450.000 € anuais) non é suficiente, dado o volume do territorio e actuacións precisas. Ademais, o que cómpre son políticas reais de conservación da natureza. Por exemplo, a figura ZEC non impediu a contaminación dos ríos Pesqueiras e Enviande, as toneladas de lixo verquidas ao Sil en pleno canón ou os parques





eólicos en Paradela e serra do Iribio ou a contaminación e falta de capacidade depuradora para o río Cabe.

As reservas da biosfera pretenden “conciliar e consolidar a conservación da natureza e o desenvolvemento económico e social”, algo que malamente se pode acadar sen a implicación da poboación local e se continúa o desleixo das Administracións cos servizos públicos e sectores produtivos do territorio, especialmente no que ten que ver co sector agrogandeiro (o gran configurador da paisaxe) ou co ferrocarril. Sen poboación nas comarcas, pérdense os elementos singulares da paisaxe coma os socalcos tradicionais ou os prados de rega. Fronte a isto, a candidatura non desenvolve os retos socioeconómicos e demográficos aos que se enfronta a cidadanía destas comarcas; é máis, ofrece unha visión optimista do desenvolvemento acadado: “se ha apostado por una serie de iniciativas destinadas a lograr un crecimiento económico local y regional, fomentando la consolidación de empleo, mejorando la calidad de vida de las personas, favoreciendo el consumo y venta de productos locales, etc., todo ello a través de un modelo de desarrollo económico y humano sostenible”. É significativo que non se mencione unha soa vez no documento o despoboamento nin o avellentamento da poboación.

A candidatura tampouco afonda nos retos medioambientais aos que se enfronta o territorio, polo que malamente se poderá responder ante eles. Pola contra, o documento afirma que “Actualmente, estas actividades son gestionadas de manera racional y sostenible y son compatibles con la conservación del medio natural, de modo que garantizan el cumplimiento de la función de desarrollo de las Reservas de Biosfera”.

A reserva da biosfera prevé un Foro de Participación, pero a participación das asociacións quedará bastante limitada (un representante de asociacións o colectivos vinculados con el Patrimonio Cultural, un representante de asociacións o colectivos vinculados con el Camino de Santiago, un representante de las asociacións protectoras de en medio, un representante de asociacións o colectivos vinculados a la juventud, un representante de los





colectivos o asociacións de mulleres), ao mesmo nivel que o sector enerxético, extractivo e industrial.

Polo exposto, o Grupo Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Impulsar encontros abertos en cada un dos concellos integrados na candidatura a reserva da biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, convocando a todos os axentes socioeconómicos e forzas políticas representadas na corporación municipal, para debater sobre o proxecto.
- 2.- Aumentar a contía do Plan de Xestión até, canto menos, 1 millón de euros anuais.
- 3.- Realizar un estudo socioeconómico en profundidade que analice a situación das comarcas integradas na proposta de reserva de biosfera.
- 4.- Dirixirse á Confederación Hidrográfica Miño-Sil para impulsar un estudo e calendario de actuacións sobre a situación ecolóxica dos cursos fluviais das comarcas integradas na proposta de reserva de biosfera.
- 5.- Frear os proxectos de parques eólicos en Rede Natura que se impulsan neste territorio.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira,

Deputada, deputado e Voceiro do G.P. Mixto





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:48:40
Nº Rexistro: 54055
Data envío: 22/08/2019 13:48:40.312

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 22/08/2019 13:39:54

David Rodríguez Estévez na data 22/08/2019 13:40:04

Luis Villares Naveira na data 22/08/2019 13:40:13

CSX4_R05XUSTR03E1YPBT_6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 21.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 57555(10/PNC-004575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirlles o dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública ás persoas con discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais

Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 17:15:06
Nº Rexistro: 57555
Data envío: 14/10/2019 17:15:06.727

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Polo feito de selo, as persoas temos capacidade xurídica, mais a capacidade de obrar pode estar limitada por algunhas causas, tales como a minoría de idade ou a discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais, é dicir, resolucións de incapacidade xudicial.

O Real Decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, de dereitos das persoas con discapacidade, establece como obxecto da lei garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo de dereitos polas persoas con discapacidade en igualdade de condicións con relación °

En Galicia non é así: as persoas con calquera discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais non teñen dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública. Aínda que a Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, fala só de persoas físicas, o certo é que o Decreto 253/2007, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS), limita o acceso ás vivendas de promoción pública ás persoas maiores de idade que teñan plena capacidade de obrar. E así o indica o último Informe da Valedoría do Pobo de 2018, que recomendou á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o cambio, contestando a consellería que a reforma se faría a través do regulamento de desenvolvemento da lei de 2012. Non obstante, varias resolucións do IGVS do mes de marzo deste ano seguen a ser discriminatorias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a seguir a recomendación do Informe da Valedoría do Pobo de 2018 e mudar toda normativa galega, especialmente o Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTROdeGaliciaRTDIDF6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 17:15:06
Nº Registro: 57555
Data envío: 14/10/2019 17:15:06.727

solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e do Solo, garantindo o dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública ás persoas con discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/10/2019 17:09:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/10/2019 17:09:57

María Luisa Pierres López na data 14/10/2019 17:10:06

Noela Blanco Rodríguez na data 14/10/2019 17:10:18

Julio Torrado Quintela na data 14/10/2019 17:10:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/10/2019 17:10:40



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 21.11.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 57646(10/PNC-004588)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación coa posible introdución por Renfe
de modificacións no tren nocturno que une Galicia con
Barcelona, así como a realización de melloras nesta conexión

Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2019 17:08:21
Nº Rexistro: 57646
Data envío: 15/10/2019 17:08:21.114

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Gonzalo Trenor López y Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de Motivos :

Recentemente tivemos coñecemento de que Renfe está a desenvolver unha serie de probas dirixidas a substituír o material rodante da liña Galicia-Barcelona que revelan a intención da compañía de mudar, tanto as locomotoras, como os vagóns do tren hotel que comunica Galicia coa cidade condal.

Da información dispoñible, resulta que se estaría considerando a posibilidade de substituír as actuais máquinas, por locomotoras de mercadorías, sen capacidade para xerar electricidade para abastecer os vagóns de climatización e luz, a todas luces máis lentas que as que están operando na actualidade.

Trátase dunha liña de longa distancia, na que resulta fundamental que a locomotora proporcione electricidade para a climatización, a luz, o funcionamento da cafetería - *como acontece coas actuais*-, e non sometela á dependencia dun xerador diésel que proporcione electricidade a toda a composición. Isto suporía retroceder no tempo, substituíndo un material no que determinadas eventualidades estaban xa superadas, por outro obsoleto, que volvería dar lugar a incidencias de antano.

Recorrer a locomotoras de mercadorías como as que se están probando, representaría un importante retroceso nos tempos da viaxe, por ser locomotoras máis lentas que as que se empregan na actualidade. A locomotora de mercadorías non pode superar os 140 km/h nin acadar os 200 Km/h aos que poden chegar as locomotoras actuais.

E iso, tratándose dunha composición que se configura como de “longo recorrido”, que cruza todo o norte peninsular, empregando entre 14 e 15 horas, onde o obxectivo debería ser acurtar os tempos da viaxe e non facelos máis longos.

Tamén os vagóns cos que se están a facer as probas, pertencen a unha serie Talgo máis antiga, con elementos menos confortables, que os que se empregan na actualidade.

CSM-REXISTROZioniU7S09
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2019 17:08:21
Nº Rexistro: 57646
Data envío: 15/10/2019 17:08:21.114**

Butacas menos reclinables, ou cabinas-cama con baño para dúas persoas, que se substituirían por camarotes de literas con catro camas, de venda individual, dan conta dos prexuízos que para os usuarios deste tren representan as modificacións que se están a considerar.

Recorrer a material como o que se vén de sinalar, representaría un retroceso na confortabilidade e nos tempos da viaxe dunha composición, que pola súa configuración de longa distancia, debe aspirar a mellorar o servizo prestado, a súa confortabilidade e a reducir os tempos da viaxe, e non todo o contrario, como resultaría dos cambios que pretende levar a cabo Renfe.

Por todo o anterior, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que:

- 1.- A operadora Renfe desista de implantar calquera modificación que represente un incremento no tempo da viaxe e/ou unha diminución do confort dos viaxeiros no tren nocturno que une Galicia con Barcelona.
- 2.- Levar a cabo actuacións de mellora nas conexións entre Galicia e Barcelona, tanto nas frecuencias, como na duración da viaxe e no confort dos pasaxeiros, e tanto no que atinxe ás conexións diúrnas como nocturnas”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/10/2019 17:00:58

María Julia Rodriguez Barreira na data 15/10/2019 17:01:20

Raquel Arias Rodríguez na data 15/10/2019 17:02:08

Martín Fernández Prado na data 15/10/2019 17:02:38

Jaime Castiñeira Broz na data 15/10/2019 17:03:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 15/10/2019 17:08:21
Nº Rexistro: 57646
Data envío: 15/10/2019 17:08:21.114

Jacobo Moreira Ferro na data 15/10/2019 17:04:21

Antonio Mouriño Villar na data 15/10/2019 17:04:37

Gonzalo Trenor López na data 15/10/2019 17:04:53

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/10/2019 17:06:32

CSX: REXISTROZIOHUTSC9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/cs/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 21.11.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 58208(10/PNC-004650)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da situación que se está a dar na canteira de Casalonga, no concello de Teo, en relación cos traballos de restauración ambiental e de baleirado da lagoa

Publicación da iniciativa, 557, 06.11.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2019 18:07:31
Nº Rexistro: 58208
Data envío: 29/10/2019 18:07:31.295

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, a iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 2.^a**, sobre a situación que se está a dar na canteira de Casalonga, en Teo.

Exposición de motivos

As operacións de restauración da canteira de Casalonga pasaron recentemente por un procedemento de participación pública e avaliación ambiental: “Plan de restauración da concesión de explotación “Casalonga II” Nº 6996”, con número de expediente 2019/0104”, mais, a día de hoxe, non existe constatación de resolución algunha por parte da Administración.

Diversos colectivos ecoloxistas e plataformas veciñais, como a Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, veñen denunciando que os chamados traballos de restauración da antiga canteira de Casalonga levan encuberta a creación dun megavertedoiro en ditos terreos.

Nos anos transcorridos dende o cese da explotación da canteira ata a actualidade, produciuse unha rexeneración natural do espazo, xurdindo neles unha lagoa poboada de rica fauna e tupida vexetación de ribeira. Podemos falar dun auténtico proceso de restauración ambiental.

Detectouse recentemente que a empresa propietaria dos terreos iniciou traballos de baleirado da lagoa, mediante verquido directo desta masa de auga a Dominio Público Hidráulico. Esta situación foi denunciada pola Plataforma Casalonga

CSM-REXISTROndPerIgyTB
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2019 18:07:31
Nº Rexistro: 58208
Data envío: 29/10/2019 18:07:31.295

limpa de Residuos e desembocou na apertura dun expediente sancionador por parte de Augas de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un censo de flora e fauna existente no hábitat actual da lagoa de Casalonga.
- Elaborar un estudo para analizar a posible contaminación biolóxica augas abaixo provocada polo baleirado da lagoa
- Parar de xeito inmediato calquera tipo de actividade que se produza nos terreos da antiga canteira, namentres non se resolva o milleiro de alegacións ambientais presentadas.
- Garantir que se produza unha verdadeira rexeneración ambiental nos terreos da antiga canteira de Casalonga.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/10/2019 18:05:44

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2019 18:07:31
Nº Registro: 58208
Data envío: 29/10/2019 18:07:31.295

Marcos Cal Ogando na data 29/10/2019 18:05:55

CSX, REGISTRO de Pehgv78
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 21.11.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 58273(10/PNC-004656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións da concesión á Xunta de Galicia das illas de San Simón e San Antón, no concello de Redondela, así como a elaboración e aprobación do plan especial de protección dese sitio histórico

Publicación da iniciativa, 557, 06.11.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2019 13:17:53
Nº Rexistro: 58273
Data envío: 30/10/2019 13:17:53.747

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa ao incumprimento por parte da Xunta de Galiza das condicións da concesión das illas de San Simón e San Antón, outorgada polo Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A illa de San Simón é un ben pertencente ao dominio público marítimo-terrestre cuxa titularidade pertence ao Estado. Por Orde do 19 de setembro de 1997, o Ministerio de Medio Ambiente outorgou á Xunta de Galicia a concesión da ocupación de 33.361 m2 de terreos para usos relacionados cos recursos mariños.

Posteriormente, con data de 12 de xullo de 2001, autorizábase a modificación da concesión anterior para levar a cabo as obras contidas no “Plan Director das Illas de San Simón e San Antonio”, de conformidade coas condicións que substitúen na súa totalidade as contidas na Orde anterior. Segundo esta concesión, a illa non poderá dedicarse a usos distintos dos incluídos na concesión, que recolle como uso principal o docente e cultural. Queda prohibido expresamente o uso hoteleiro e a administración estatal debe informar con carácter vinculante os proxectos de xestión directa ou indirecta que se presten nas illas. Ademais, establécese o principio de acceso público e gratuíto.

Ademais da súa natureza de ben de dominio público, a Xunta de Galicia declarou as Illas de San Simón e San Antonio Ben de Interese Cultural, coa categoría de Sitio histórico. Neste sentido, as administracións con competencias na materia están obrigadas a cumprir o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2019 13:17:53
Nº Rexistro: 58273
Data envío: 30/10/2019 13:17:53.747

establecido na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia nomeadamente en relación coa obriga de aprobar Plans especiais de protección.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Cumprir as condicións establecidas no outorgamento pola administración do Estado da concesión das illas de San Simón e San Antón, no concello de Redondela.
2. Prohibir os usos hostaleiros na illa, nomeadamente aquelas actividades con finalidade lucrativa e que se desenvolven en edificios ou espazos declarados Bens de Interese Cultural.
3. Non autorizar as actividades que vaian en contra do principio do uso público e gratuíto das illas.
4. Adoptar as medidas para a elaboración e aprobación do Plan Especial de Protección do sitio histórico Illas de San Simón e San Antón.”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2019 13:17:53
Nº Registro: 58273
Data envío: 30/10/2019 13:17:53.747

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/10/2019 13:16:54

María Montserrat Prado Cores na data 30/10/2019 13:16:59

Noa Presas Bergantiños na data 30/10/2019 13:17:06

Olalla Rodil Fernández na data 30/10/2019 13:17:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/10/2019 13:17:22

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2019 13:17:32

CSX: FEXYSTFR0qtp2j6wSD
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

